

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*RESOLUCIÓN do 5 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas nos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20 (código de procedemento ED311F).*

Por Resolución do 9 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (*Diario Oficial de Galicia* núm. 253, do 17 de decembro), aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas nos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20, convocado pola Resolución do 19 de outubro de 2020 (DOG núm. 219, do 30 de outubro).

Unha vez transcorrido o prazo para a presentación de reclamacións sobre a correspondente listaxe provisional, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de acordo co artigo 16 da Orde do 19 de outubro de 2020, pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20, (DOG do 30 de outubro), esta secretaría xeral

#### RESOLVE:

Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas aos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20, convocado pola Resolución do 19 de outubro de 2020 (DOG núm. 219, do 30 de outubro).

A listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución. Do mesmo xeito, poderase consultar no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>.



Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2021

José Luis Mira Lema  
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

CVE-DOG: u8dslm0-q0o4-kwgo-7eb7-hpbuzznwqf8



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



## ANEXO

**Relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas**

Apelidos e nome	Modalidade	Centro	Especialidade	DNI	Causa exclusión
Candisano Gillanders, Clara	Música	CMUS profesional Manuel Quiroga, Pontevedra	Violín	***6100**	
Durán Viso, León Pedro	Música	CMUS profesional da Coruña	Trompa	***0159**	
Forte Leyenda, Pablo	Música	CMUS profesional Manuel Quiroga, Pontevedra	Clarinete	***5991**	Cód. 1.
Guimarey Touriño, Iván	Música	CMUS profesional Manuel Quiroga, Pontevedra	Tuba	***2901**	
Molina Touza, Ana	Música	CMUS profesional da Coruña	Violín	***0261**	
Pallas Otero, Álvaro	Música	CEMU Contrapunto histórico de Santiago	Percusión	***5465**	
Paniagua González, Óscar	Música	CMUS do Carballiño	Piano	***4418**	
Ramos Diéguez, Andrea	Música	CMUS profesional de Lalín	Clarinet	***9026**	
Ruibal Seoane, Iván	Música	CMUS profesional Manuel Quiroga, Pontevedra	Piano	***6559**	
Alján Alves, Elba	APD	EASD Pablo Picasso, A Coruña	Ilustración	***0399**	
Castillo Fernández, Sara Luna	APD	EASD Ramón Falcón, Lugo	Fotografía	***0416**	
Fernández Vila, Carla	APD	EASD Pablo Picasso, A Coruña	Ilustración	***7980**	
González Calle, Celia	APD	EASD Pablo Picasso, A Coruña	Ilustración	***6657**	
Martínez Do Reis, Nicolás	APD	CE.ART. Aula D, Vigo	Proxecto e dirección de obras de decoración	***7848**	

Cód.	Descripción
1	Non cumpre a condición de requisito de participación do artigo 4.3 e do artigo 5.